

# NOVA YORK MILAN VIENNA PONTE VEDRA

**Carmen Hermo**

**Enrique Velasco**

**Miguel Pereira**

**Antón Sobral**

Carmen Hermo Enrique Velasco Miguel Pereira Antón Sobral



ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE PONTEVEDRA.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Rúa Alexandre Bóveda, s/n  
36005 Pontevedra

Teléfono: 986 83 30 61  
Fax: 986 87 40 70

coordinación@pazodacultura.org  
www.pazodacultura.org



## EXPOSICIÓN

Organiza  
Pazo da Cultura de Pontevedra

Produce  
Pazo da Cultura. Concellaría de Cultura do  
Concello de Pontevedra

Coordinación  
Pilar Portela Vázquez

Deseño e montaxe  
Antón Sobral  
Miguel Pereira  
Enrique Velasco  
Carmen Hermo  
Francisco Rivas López  
Enrique Velasco Jorge  
Jesús Calvo

## CATÁLOGO

Edita  
Pazo da Cultura

Textos  
Antón Sobral  
Miguel Pereira  
Enrique Velasco  
Carmen Hermo

Fotografía  
Xulio Gil  
Jesús Calvo  
D. Freire  
Alba Sotelo

Fotografía portada  
Xulio Gil

Deseño e maquetación  
Carmen Hermo

Impresión  
Gráficas Anduriña, S.L.

Depósito legal  
PO 225-2013

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Alcalde  
Miguel Anxo Fernández Lores

Concelleira de Cultura  
Anxos Riveiro Portela

Directora-Xerente do Organismo  
Autónomo Pazo de Congresos e  
Exposicións  
Pilar Portela Vazquez

Pontevedra, maio 2013

NOVA  
YORK  
MILAN  
VIENNA  
PONTE  
VEDRA

**Carmen Hermo**

**Enrique Velasco**

**Miguel Pereira**

**Antón Sobral**

Entidades colaboradoras



## Linguaxes de Pontevedra

Que unha exposición colectiva de catro artistas pontevedreses recale en tan significados lugares como Nova York, Viena e Milán fálanos do sentido aberto e expansivo da parte máis creativa e dinámica da nosa cidade, que empeza a acostumarse a ganar espazos de seu polo mundo adiante.

Para o alcalde e para todos os veciños e veciñas é un orgullo que o nome da cidade e de Galiza se posicione de xeito tan interesante nos circuitos da arte a través de catro embaixadores que expresan de xeito tan distinto e complementario ideas, sensacións e formas de ver o mundo xeradas neste lugar do planeta, periférico no económico, pero central no mapa da creación e a arte.

Mirar o mundo desde Pontevedra e crear aquí, lonxe de ser unha aposta pechada e introvertida, convértese nun estímulo para destilar unha linguaxe propia que cada artista transmite aos seus materiais, dotándoos dunha vida única e persoal pola que dalgún xeito tamén se expresan elementos comúns ás nosas paisaxes urbanas e territoriais, á nosa cultura inmaterial.

Por iso estas obras transmiten tamén parte do noso ser colectivo, que é unha das misións sociais dos artistas, por moito que cada un poña o seu xenio persoal na conformación de cada obra, de cada xesto, de cada peza.

Desexo que este percorrido urbano por catro cidades colleitara, de volta á casa, os éxitos que merecen os nosos creadores, e que nos sitúa nunha posición ben consolidada no panorama da expresión artística actual.

Miguel Anxo Fernández Lores  
Alcalde de Pontevedra

## artistas 4X4



Carmen Hermo, Antón Sobral, Enrique Velasco e Miguel Pereira.  
2006

Como Ulises regresando a Ítaca. Carmen, Enrique, Miguel e mais eu volvemos a Pontevedra. Volver á patria, volver a casa. Pero antes un longo percorrido: Nova York, Viena, e Milán. A nosa obra artística viaxou a estas tres cidades. E nós con ela. Cidades de arte. E nesta mostra engadimos outra gran cidade da arte a estas tres: Pontevedra.

Hai moitos xeitos de viaxar. Amosar a nosa arte preto de St. Patrick's Cathedral na Quinta Avenida. Preto das tendas de Zara e Armani en Nova York, a cidade aberta, a cidade dos soños, a cidade do cine. Amosar a nosa obra preto do Moma, onde os nenúfares de Monet acompañan as señoritas de Avignon de Pablo. Tomar un café americano nos Starbucks, aínda que eu prefiro o café do bar Don José.





Viaxar non é só ir dun lado a outro, pasar as fronteiras, é algo máis, é descubrir un mundo. É tamén tomar limoncello cos nosos amigos artistas de Milán. Pasear pola Gallería Vittorio Emanuele II, logo de baixar dos tellados do Duomo e contemplar as súas 135 agullas góticas. Milán, outra gran cidade da arte, capital da moda que tamén é arte. O Cristo morto de Mantegna acompañando a Pietá de Bellini. Viaxar desconxestiona, relaxa a mente. Cambiar os callos do Rianxo pola pasta da trattoria Cavallini, e dar un paseo polo Emporio Armani na vía Borgonuovo. Elegancia. Deseño. Beleza. Harmonía de cores.

Pero para elegancia Viena. Xardíns, palacios como os do Belvedere. Perdernos polo xardín antes de atoparnos a Klimt. Viena é Klimt e Schille. Viena é todo beleza. Tomar palatschinken e apfelstrudel no café Central. Ou degustar a sachertorte (ese delicioso doce de chocolate invento vienés) no Kurkonditorei Oberlaa. Fixemos unha deriva pasteleira polas mellores cafeterías e confiterías de Viena. Os doces para os vieneses é coma o polbo para nós. Ou o cocido. Cada país ten a súa icona gastronómica.

Nova York, Milán, Viena e Pontevedra. Catro cidades. Catro artistas. Viaxe circular como o Ulises de Joyce voltando a casa. Viaxar é aventura, desarraigo, deriva.

Viaxe pola obra de catro artistas galegos. Viaxe polos numerosos matices de cor gris de Miguel Pereira. Viaxe polas praias en branco e negro de Carmen Hermo, atopando crebas. Viaxe polas esculturas-maleta de Enrique Velasco. Viaxar polo mar e o horizonte de quen isto escribe. Unha invitación sincera onde atoparedes algunha serea escondida. Ou descubriredes un faro. Un mapa de ladrillos. Unhas embarcacións punteadas e case imperceptibles. Unha viaxe ás cores, ao debuxo, á pincelada desacougada, ao espazo intervído, as imaxes en movemento....

Unha viaxe en 4x4. Catro cidades. Catro artistas.

Antón Sobral



Miguel Pereira, Enrique Velasco, Carmen Hermo e Antón Sobral.  
O día da inauguración, 18/04/2013



Vista parcial da sala de **Carmen Hermo**



Vista parcial da sala de **Miguel Pereira**



Vista xeral da sala de **Enrique Velasco**



Vista parcial da sala de **Antón Sobral**



## carmen hermo



Vista parcial da sala de  
Carmen Hermo

Na páxina seguinte:  
[Proxecto GPS vexetal](#)  
[Faro Laiño 23/09/2012](#)  
Tronco de carballo con  
compás.  
58 uds.

Un paseo pola praia pode desencadear todo o proceso polo que vai pasando o proxecto artístico.

42° 23536 N  
8° 50424 W

coordenadas dun tocón de madeira na praia Boca do Rio

Camiñar sentindo o vento arremuiñando o noso pelo, a frescura da mar invadindo as fosas nasais, o sal aderezando esa frescura polas nosas linguas, a area derrubándose baixo os nosos pés e o bramido do vento e das olas retumbándonos as entrañas. Sensacións de inmensidade, de atemporalidade, que moi poucas cousas son capaces de evocar e despertar como o pode facer a natureza.

Sensacións ancestrais que nos transportan á paisaxe primixenia. Unha paisaxe interior que non nos fala do momento nin tampouco do concreto. Unha paisaxe compartida na que cada un percibirá á marxe da súa experiencia vital sentíndose unha pequena parte desa inmensidade.



Nos días de temporal, todas estas sensacións fanse explosivas, é cando case perdemos o noso interior para xuntalo coa bravura do exterior. Ese retumbar das nosas entrañas ó ritmo dos bramidos do vento e das olas é como un son tántrico que deixa marchar o noso pensamento alén do mar. Pode incluso atravesar o océano e chegar a unha praia na outra beira.

As praias case simétricas ás nosas son as da costa de Nova York, só nos separan dous graos de latitude pero están a uns 5.300 quilómetros. Un océano compartido que configura paisaxes moi diferentes. Pode que as nosas miradas se crucen a cotío coas miradas dos novayorkinos se tiveramos miradas infinitas, e se as miradas puideran atravesar o océano, que máis o podería atravesar? Cantas cousas súas naufragadas poderían chegar ás nosas costas? Unha árbore arrincada pola tormenta podería chegar á deriva ata as nosas praias? Chegarían as nosas árbores ás súas costas?

Pero este pensamento non deixa de ser un esbozamento romántico sen fundamentación científica. As correntes mariñas, os ventos e as mareas son os que marcan as rutas viaxeiras destes improvisados navíos. Moitos non chegarán nunca a acadar terra quedando atrapados nun inmenso vórtice onde acabarán por afundirse e desintegrarse. Viaxeiros á deriva deslocalizados da súa orixe, da súa paisaxe, das súas raíces.

As madeiras que chegan ás praias poden ter as máis diversas orixes: ramas e árbores das beiras dos ríos ou das costas, madeira perdida por cargueiros que fan a súa ruta por diante das nosas costas, tableiros de embalaxe das cargas perdidas na mar, restos das propias naves, etc... Todo un senfín de posibilidades para poder imaxinar e viaxar alén dos mares. Dentro de todas estas posibilidades pode que a que teña máis carga de romanticismo sexa a das árbores naufragadas.

As árbores náufragas, entropizadas pola viaxe, branquecinas polo sal e o sol, pulidas polo mar e a area onde os restos de ramas, meros muñóns, se confunden cos nús da súa superficie. Árbores deslocalizadas, perdidas, arrincadas da súa terra natal. Esas árbores tiñan o seu lugar propio na terra, estaban xeolocalizadas, e esta situación marcaba tamén a súa morfoloxía. A dendrocronoloxía é a ciencia que se ocupa da datación dos aneis de crecemento das árbores. Baseándose no patrón do crecemento dos aneis, a dendrocronoloxía analiza os patróns espaciais e temporais de procesos biolóxicos, físicos e culturais. Grazas a ela, é posible datar aproximadamente a idade da madeira e, de xeito máis preciso, a evolución do clima no pasado. Os aneis e o seu desenvolvemento fálannos da localización desa árbore.

No hemisferio norte a parte que mellor crece e a que está situada cara ó sur, asemade a parte orientada ó norte presentará uns aneis de crecemento máis próximos entre si. Seccionando un tronco podemos saber con bastante exactitude a orientación no seu lugar de orixe, a zona onde máis se aproximan os aneis de crecemento estarían indicándonos a posición do norte respecto á árbore. Pero estas madeiras xa non son árbores, a súa referencia norte, pese a estar marcada na súa morfoloxía, tense perdido.

A incorporación do compás no centro dos aneis dos toros destas árbores náufragas invita ó espectador a que lles axude a recuperar o norte. Xirando cada anaco de tronco ata facer coincidir o norte inicial do tronco co norte xeográfico no que se atopan na actualidade, conseguimos recuperar a orientación xeográfica coa que tiña nacido esa árbore. Recuperar a súa orientación no mundo é un pequeno xesto de rebeldía romántica co que se quere reflexionar sobre o noso propio lugar no mundo.



Proxecto Deriva.  
Faro Laiño

Debuxo a carboncillo e perforacións.  
100 X 70 cm.  
6 uds.

Frame 1 do vídeo monocanal do  
mesmo título, pódese ver no sitio  
web:

[www.carmenhermo.com/deriva](http://www.carmenhermo.com/deriva)



Corrente do Golfo  
Óleo e grafito sobre lenço.  
160 X 130 cm.  
2 uds: 65 X 54 cm.

Unha achega fortuíta pode desencadear todo o proceso polo que vai pasando o proxecto artístico.

Madrugada do día 16 de decembro de 2012, chega á praia de Montalvo un tronco atacado polo Teredo Navalis (Broma). Non ten superviventes. Só quedan os restos das súas cunchas nos buratos que onte foran o seu fogar.

Nos días de temporal chegan ás nosas costas todo tipo de obxectos e troncos de árbores das máis diversas procedencias grazas ás correntes mariñas, as olas e os fortes ventos. Son as crebas.

As crebas pódennos falar doutros lugares, doutras culturas, doutros tempos. Para moitos pode que somente sexa lixo que o mar devolve facéndonos tomar conciencia do noso rol destrutor dentro da natureza, pero para outros é toda unha cultura.

O encontro cun tronco cheo de buratos, totalmente entropizado pola acción do mar e do sol, esperta o interese polo tipo de ataque que puido ter recibido para chegar a tal estado. Os dous tipos de buratos que presentaba eran moi característicos. Asemade estes buratos cheos de area, introducida polo efecto das olas ó roper nas praias, tamén estaban cheos dunhas pequenas cunchas que debían pertencer a un molusco específico. Tratábase do Teredo Navalis, un molusco bivalvo, xilófago mariño, de corpo brando, vermiforme, branquecino e translúcido que acada como máximo uns 20 cm, tamén se denomina broma.

As bromas viven en madeiras somerxidas ou flotantes, en augas salgadas templadas e cálidas. Causaban grande impacto na navegación europea na era dos descubrimentos, existen varios relatos de navíos totalmente perdidos debido ós ataques masivos ó seu casco por parte deste molusco.

O estado do tronco indicaba que levaba moito tempo á deriva, entón, onde viña esta árbore náufraga?

Proxecto GPS vexetal  
Montalvo 16/12/2013  
Tronco atacado polo Teredo Navalis  
(Broma) con compás.  
20 uds.



As correntes do océano Atlántico xeran un inmenso vórtice no que viaxan as posíbeis crebas, moitas, a maioría, afúndense, pero outras non. O mar é quen de reintegrar moitas delas outra vez á natureza, pero algúns tipos de materiais son moito máis complicados de atomizar.

Os plásticos, tirados ó mar ou abandonados nas praias, esnaquízanse formando unha inmensa sopa de fideos plásticos que tardará moitos anos en se desintegrar, unha sopa eternamente alimentada por máis e máis lixo que parece que non somos capaces de parar. Ou si?

Carmen Hermo



Polisóns

Acrílico, grafito e talla sobre madeira.  
4 uds de 60 X 30 cm.





Creb@s. nº 5  
Acrílico e carboncillo  
sobre lenzo.  
6 uds de 120 X 80 cm.



Creb@s. nº 2  
Acrílico e carboncillo  
sobre lenzo.  
6 uds de 120 X 80 cm.



Creb@s. nº 4  
Acrílico e carboncillo  
sobre lenzo.  
6 uds de 120 X 80 cm.



Creb@s. nº 1  
Acrílico e carboncillo  
sobre lenzo.  
6 uds de 120 X 80 cm.



Proxecto Deriva.

A Lanzada

Gravado de varias planchas:  
Punta seca sobre cobre,  
punta seca sobre acetato  
monotipo sobre acetato  
68 X 37 cm.  
12 uds.

Vista da proxección do vídeo  
monocanal do mesmo título,  
pódese ver no sitio web:  
[www.carmenhermo.com/deriva](http://www.carmenhermo.com/deriva)



Doutora en BB.AA. pola  
universidade de Vigo desde  
2003. Licenciada pola  
Universidade de Salamanca,  
promoción do 90. Profesora na  
Escola de Conservación de  
Galicia desde 1991. Autora do  
libro "Pintar en la era digital", da  
colección "arte y estética".  
Artista en activo, resistindo.

Proxecto GPS vexetal.

Forcarei

Talla sobre tocón de madeira de  
carballo á beira do Lerez.

Máis información en  
[www.carmenhermo.com](http://www.carmenhermo.com)

enrique velasco

PAQUETE DE MEDIDAS

DESPIDO GRATUITO  
TRABAJO ELÁSTICO  
SALARIOS ESCUETOS  
SANIDAD PRIVATIZADA  
EDUCACIÓN DE PAGO  
PARO PENALIZADO  
PENSIONES SUPRIMIDAS  
TOQUE DE QUEDA

Medidas pechado 60 x 50 x 8 cm  
Aberto 120 x 50 x 4 cm



Illa-Peixe (1994)

Medidas pechado 60 x 50 x 8 cm Aberto 120 x 50 x 4 cm  
Madeira pintada, resina de poliéster, viruta de metal, reixa inox e peixe  
Texto da viñeta de Maximo en vinilo 60 x 5 cm



Illa-Peixe (1994)  
 Medidas pechado 60 x 50 x 8 cm Aberto 120 x 50 x 4 cm  
 Madeira pintada, resina de poliéster, viruta de metal, reixa inox e peixe  
 Texto da viñeta de Maximo en vinilo 60 x 5 cm

A instalación múltiple que presento toma como referencia unha obra que xa expuxen en 1994. Era unha pequena escultura que fixen, a modo de libro-ventá, en cor azul, cunha oclusión de resina dun diminuto peixe, e no seu interior unhas reixas coma se fosen redes, ademais de virutas de metal de forma sogueada, nun momento en que o país estaba inmerso na crise e problemas económicos, especialmente no sector pesqueiro. Incrustei na obra unha viñeta de xornais de Máximo, en poliéster transparente encaixada entre madeiras. Nela se escenificaba unha xuntanza, presidida por un personaxe de pé que arengaba a outros sentados cuxas cabezas apenas sobresaían da mesa. Interesoume especialmente o texto que acompañaba as imaxes que dicía:

**PAQUETE DE MEDIDAS:**

- Despido gratuito
- Traballo elástico
- Salarios escuetos
- Sanidade privatizada
- Educación de pagamento
- Paro penalizado
- Pensións suprimidas
- Toque de queda

Transcorreron case 20 anos e parece que nada cambiou. Ese pasado, xa lonxe, parece cingirse como un pesado lastre sobre o presente e pensei que aquelas imaxes e as rotundas palabras que completaban a citada viñeta poderían ser a mellor radiografía para facer explícito o horizonte crítico e desesperanzado que nos está tocando vivir.

Nesa pequena obra de corte mural con alto contido pictórico que tamén expoño e se divisa desde o alto está a orixe da intrincada instalación que agora presento e ocupa o amplo espazo vertical e horizontal da miña intervención, composta basicamente por estruturas murais que adquiren forma de maleta, imaxe simbólica coa que traballo desde hai algún tempo: 4 maletas de zinc representan as catro provincias galegas cos nomes inscritos dos seus respectivos concellos, as dúas maletas-encerado son a imaxe dun sistema educativo ameazado, en tanto que a composta por azulexo branco e unha cruz no centro alude á atmosfera sanitaria.

E ocupando o chan tratando de manter un diálogo visual coas imaxes das citadas maletas e a súa efémera e fráxil conciencia de viaxe, nunha situación de tránsito dispuxen a evidente hermenéutica de dúas composicións non menos simbólicas: dunha parte, unha composición de barcos de chumbo, tocados, afundidos, sobre unha tea de guata, que evocan na miña memoria a fragilidade do sector pesqueiro que tanto afecta a Galicia; doutra, un enorme mapa de España construído en ladrillo cuxo material é a metonimia de tódalas crises que padecemos e foi a excusa para facer bo o proverbio “entre glotóns ata o manco é carterista”.

En realidade, con esta obra e as súas imaxes intento formularlles preguntas ós espectadores, porque so a eles lles corresponde dar as respostas que algunha vez, como artista, desexaría lanzar ó aire.

**Tocado, fundido (2013)**

Medidas variables  
 Chumbo e feltro

Enrique Velasco





**Illa-Peixe** (1994)  
 Medidas pechado 60 x 50 x 8 cm Aberto 120 x 50 x 4 cm  
 Madeira pintada, resina de poliéster, viruta de metal, reixa inox e peixe  
 Texto da viñeta de Maximo en vinilo 60 x 5 cm

**Tocado, fundido** (2013)  
 Medidas variables  
 Chumbo e feltro

**Provincias. A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra** (2013)  
 4 planchas de cinz de 200 x 100 cm. con letras dos municipios pintadas  
 taboeiro DM hidrófugo e corda de 14 mm.




**Provincias. Ourense e Pontevedra** (2013)  
 4 planchas de cinz de 200 x 100 cm. con letras dos municipios pintadas  
 taboeiro DM hidrófugo e corda de 14 mm.




**Tocado, fundido** (2013)  
 Medidas variables  
 Chumbo e feltro




Provincias. Ourense  
(2013)  
Plancha de cinz de 200 x  
100 cm. con letras dos  
municipios pintadas  
taboeiro DM hidrófugo e  
corda de 14 mm.



Provincias. Pontevedra  
(2013)  
Plancha de cinz de 200 x  
100 cm. con letras dos  
municipios pintadas  
taboeiro DM hidrófugo e  
corda de 14 mm.



Provincias. Lugo (2013)  
Plancha de cinz de 200 x  
100 cm. con letras dos  
municipios pintadas  
taboeiro DM hidrófugo e  
corda de 14 mm.



Provincias. A Coruña  
(2013)  
Plancha de cinz de 200 x  
100 cm. con letras dos  
municipios pintadas  
taboeiro DM hidrófugo e  
corda de 14 mm.



Vista parcial da sala de  
Enrique Velasco




Vista parcial da sala de  
Enrique Velasco

España (2013)  
Medidas 500 x 400 cm  
640 ladrillos cocido de dobre oco.



S/T (2013)  
Medidas 248 x 130 x 10 cm  
Aglomerado hidrófugo laminado, madeira e corda de 14 mm

S/T (2013)  
Medidas 160 x 224 x 18 cm  
Azulexo sobre taboeiro DM hidrófugo de 16 mm





Vista xeral da sala de Enrique Velasco



Vista parcial da sala de Enrique Velasco



ENRIQUE VELASCO  
Pontevedra

Formado na Escola de Canteiros de Pontevedra, desde onde inicia o seu xaminorio "camino" (arxina, verbo dos canteiros) na escultura.

Experimenta e utiliza os máis diversos e variados materiais.

Na súa viaxe a través das artes plásticas, realiza diferentes exposicións en varios lugares de España e do mundo:

VIII Bienal de Escultura de Zamora, Antropoloxía e memoria. Visión actual da Arte Galega (Fundación Calouste Gulbenkian-Lisboa); Revisión dunha década 1976-1988 (Auditorio de Galicia-Santiago de Compostela); Pabellón Galego (Expo de Sevilla 92), Nordesia (Centro Cultural Conde Duque-Madrid); Escultura galega de arte contemporánea no CGAC (Santiago de Compostela); Xaminorios Ormeados do Briño, exposición individual en Caja Madrid (Pontevedra).

Continúa a súa viaxe:

Alemania, Santa Ana Museo-Passau; Francia-Reencuentros Europeense, que percorreu por varias provincias Mayenne, Laval, Gontie, Austria, República Checa.

E, como non, Viena, Milán e New York, xunto cos artistas e amigos Carmen Hermo, Antón Sobral e Miguel Pereira.

Entre as súas obras realizou "Xaminorio xunqueiras obay" (camiño de xuncos) obra que forma parte do proxecto "Elogio al granito", Illa de esculturas-Pontevedra. Nas que tamén realizaron obra artistas como Ulrich Rückriem, Fernando Casás, Richard Long, Jenny Holzer, Giovanni Anselmo, José Pedro Croft, Ian Hamilton Finlay, Francisco Leiro, Dan Graham, o matrimonio Anne y Patrik Poirier e Robert Morris.

Colaborou na execución das súas esculturas con outros artistas como Ulrich Rückriem para a súa exposición en Barcelona, con Dan Graham, Bryan Hunt para a Bienal de Pontevedra, con Giovanni Anselmo para a exposición do CGAC, entre outros moitos.

Participou no vídeo de Eloy Lozano "Catro escultores" xunto ós escultores Paco Pestana, Manolo Paz, Francisco Leiro e Enrique Velasco.

Agora continúa a súa viaxe facendo novo camiño cargando coas súas maletas.

# miguel pereira







Vista parcial da sala  
de Miguel Pereira

Preto de Nápoles nun lugar moi vivenciado, recordo de vellas culturas, na Campania, unha lagoa froito dun antigo cráter nun espazo que leva por nome Averno. "Aornos" denominábanos os gregos clásicos como Virgilio para personalizar na súa literatura o lugar de entrada ó inferno, identificando a súa gruta Sibila Cumea, como lugar onde habitaba Hécate, a deusa do submundo.



Vista parcial da sala  
de Miguel Pereira









"Aornos" en grego "sen paxaros", é dicir: sen soños, sen vida, como en moitos outros lugares de Oriente a Occidente, onde pode haber paxaros pero non se viven os soños, onde se esgota a esperanza, onde a cor da terra é terra, sen verdes, onde a auga non semella cristal, onde o gris exerce de señor de pleno dominio, espazos onde sobreviven, cantidades inxentes en número de seres.

Esperanza na lagoa de Averno  
Acrílicos sobre lenzo nunha única cor (gris) con tres tonalidades diferentes








Mais alí, hoxe, na lagoa de Avernos, apareceu a cor á súa beira, e a auga fresca da lagoa rouba o seu cor ó ceo, voan e pousan paxaros porque naqueles nubarróns de ennegrecidos grises cabe, aínda que de forma moi cativa, un chisco de esperanza.

Miguel Pereira





Vista parcial da sala de Miguel Pereira

Miguel Pereira Figueroa, aínda que nado en Madrid co alba nun día do ano 1949, aos poucos anos trasládase, no seo familiar, xusto ó punto de arrincada do maxestuoso acueducto segoviano que inoculou nel e para sempre o verme da curiosidade, para logo instalarse na que é a súa terra, na cidade de Pontevedra.

Sentimentos de curiosidade creativa que se plasmaron en xuvenís poemas de iniciáticos “amoriños” e tamén reflexións filosóficas estimuladas polo filósofo e escritor Miguel Cobaleda, quen deixou unha pegada de fondo na súa capacidade especulativa e reflexiva e o primeiro interese pola teatralidade.

Logo, xa na universidade, foi a iniciación no estudo da antropoloxía social, e novamente a expresión creativa no mundo do teatro, ocupando escenarios a través do Grupo “Axpasia” cunha forte actividade nos anos universitarios.

Á vez, a preocupación ideolóxica do momento de “rebelión de los adoquins” a partir do 69. Licenciouse



na facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, onde realizou a tese de licenciatura e os cursos de doutoramento.

O Museo de Pontevedra foi o destino a través dunha bolsa da Deputación; nel revolveranse as súas inxedanzas culturais e artísticas.

A casualidade primeiro, o pracer despois, fíxolle afrontar a súa actividade no eido da protección do patrimonio documental e bibliográfico galego a través dunha institución pública, na que tamén dirixiu e desde 1986 con grande interese a Editorial institucional, que puxo case un millar de libros a disposición do cidadan.

Ésta responsabilidade estimulou o seu gusto polo deseño gráfico, amosando neste campo as súas preferencias nas coleccións relacionadas co mundo da arte e da poesía.

Desde case a súa fundación é membro do padroado do Museo do Pobo Galego, e desde o ano 2002 correspondente da Real Academia Española da Historia.

Iniciouse na praxe pictórica cunhas primeiras experiencias que só fructificaron a partir do contacto continuado cos artistas galegos.

A súa década é a dos 90, cando realmente profundiza na experiencia pictórica, década dunha intensidade desmesurada que mesmo parecía non ter sosego e que se prolongou durante un longo tempo. Irrompeu publicamente no eido da arte cunha primeira exposición na desaparecida Sala do Teatro Principal de Pontevedra para extenderse en múltiples exposicións por toda Galicia, ampliando posteriormente o marco xeográfico a territorio español, europeo (Alemania, Francia, Portugal, Chequia, Italia, Austria...) e no continente Americano en EE.UU. moi especialmente en Nova York e tamén en Miami e na Cuba de Castro.

Entre tanto movemento, e con máis dun centenar de exposicións, pousa as súas últimas experiencias novamente en Pontevedra cunha obra chea de simplificación e significación.

## antón sobral



Vista parcial da sala de  
Antón Sobral



Vista parcial da sala de  
Antón Sobral

### SOBRE A MIÑA OBRA

A arte non ten nen fronteiras nin límites. Por iso o meu traballo mestura dende pintura tradicional ata novas tecnoloxías aplicadas á arte. Vai dende a fotografía, a poesía, as instalacións, o debuxo, os cadernos de viaxes, os audiovisuais ata a arte e natureza. Todo o que é creatividade me interesa.

A arte é un xeito de coñecer a realidade. A arte é comunicación. A arte é vivencia intensa de experiencias persoais: emocións, viaxes, derivas, naufraxios, contemplación, silencios fronte ó mar.

A arte é un constante flow. Un fluír nun estado catártico de acougo, onde a paz interior ou a indignación exterior se traducen en formas, cores, composicións, procesos creativos, imaxes....

A arte é aprender a mirar dun xeito distinto. Deitarse fronte ó océano mar longas horas. Ollar o horizonte. Observar nubes tumbado na fresca herba mirando o ceo. A arte é deixarse impregnar dun xeito pracenteiro da beleza da danza dos estorniños na vella cidade de pedra. E escoitar atentamente os seus cantos.

A arte é unha caricia suave das nosas xemas sobre a pel doce pola caluga dunha serea. Debuxar mulleres extasiadas que danzan facendo o amor.

A arte é pasear pola beira da praia mollando os pés pola espuma. Debuxar siluetas na area que as ondas van borrando lentamente quedando exclusivamente para sempre na memoria do artista.


A arte é a mirada case imperceptible da transparencia da argueira que as xerfas brancas e ondulantes abanean os meus pensamentos.

A arte é imaxinarse un marco dourado e barroco que encadra perfectamente ese solpor no Atlántico dende o facho de Donón con esas cores laranxas, violetas e vermellas que se van intensificando canto máis o sol se vai escondendo no horizonte.

Arte é tamén a chuvia composta por tantas bágoas de desesperación de milleiros de persoas que o están pasando tan mal nestes tempos grises-crieses diante da indiferencia doutros tantos milleiros que pagarán caro o seu egoísmo.

Arte é en resumo o diario dunha muller que miraba o mar....

Antón Sobral



Vista xeral da instalación:  
*Océano-cabeceiro* (2013)

*Océano-cabeceiro* (2013)  
Instalación. Acrílico sobre  
chapa e sobre tea  
190 x 130 x 150 cm



Serie Maruxia (2013)  
Óleo sobre lenzo  
uds. de 100 x 100 cm

Serie Argueira (2013)  
Óleo sobre lenzo  
uds. de 100 x 100 cm





VIDEO-POEMA

DIARIO DUNHA MULLER QUE MIRABA O MAR

Dirección: Antón Sobral. Actriz: Rocío Touza. Poemas: Xaime Toxo. Edición: Jesús Calvo

Serie Camélias (2013)  
Fotografía pintada. Impresión sobre papel  
40 x 30 cm.





Serie A Lanzada (2013)  
Óleo sobre lenzo  
80 x 100 cm

Serie Esbozos de mar (2013)  
Óleo sobre lenzo  
36 uds. de 20 x 20 cm  
Total 85 x 190 cm





Serie Nubes (2013)  
Óleo sobre lenzo  
60 x 60 cm



Serie mulleres-illas (2013)  
Óleo sobre lenzo  
70 x 90 cm



Cadernos de bitácora

Debuxos a acuarela e poemas de Xaime Toxo e Antón Sobral



## ANTÓN SOBRAL PEQUENA BIOGRAFÍA

Manuel Bragado sintetiza biograficamente a actividade artística de Antón Sobral nas seguintes palabras: "Antón, felizmente xubilado, tras máis de tres décadas como profesor de arte, é un mestre na difícil arte da vida lenta, do exercicio peripatético que nos fai cidadáns. Sobral é un activista galeguista insubornable, paciente e comprometido con todas as causas da humanidade. Antón é unha persoa positiva, xenerosa, agarimeira, capaz de contaxiar a ilusión necesaria para enfrontarse ás maiores dificultades, quizais porque leva o mar nos seus ollos. Viaxeiro curioso, artista multisoporte, pintor vocacional, fotógrafo, poeta, vídeo creador, melómano, lector apaixonado, ningunha actividade creativa lle resulta allea. Se todo isto non abundase, desenvolve dende mozo unha actividade no asociacionismo cultural e cívico intensa, en todos os eidos da cadea, dende o da creación, pasando pola promoción, até o da difusión. Un auténtico home cultura, encrucillada de arte e coñecemento."

No ámbito artístico, desenvolve dende o ano 1968, no que realiza a súa primeira exposición, máis de cen mostras en toda Galicia. Na década dos noventa comeza a realizar mostras en Francia, Alemaña, Cuba... países cos que establece un intercambio internacional de artistas dende a presidencia da Asociación de Artistas Plásticos de Pontevedra.

Impartiu numerosas conferencias por todo o mundo. Recentemente foi invitado pola galería Apuntodfuga de Santiago e pola Universidade Menéndez Pelayo na Coruña no Pazo de Mariñán para impartir unha conferencia e un obradoiro sobre arte e natureza.

A partir do 1995, comeza a expoñer fóra de Galicia participando nunha mostra no Kulturmodell en Passau, Alemaña. En 1996 é invitado polo Museum Kloster Asbach, Alemaña. No 1997 é tamén invitado nos "Rencontres Européennes" en Francia, amosando a súa obra nos Salóns de l'Hôtel de Ville de Allonnes, e nos Archives Départementales en Mayenne e no l'Espace

Méduane en Laval e na Chapelle du Genéteil en Chateau-Gontier ou na Mairie & Fetes de Jublains en Francia. No 1998 expón na Akademie der Bildenden Künste en Munich en Alemaña. E no 1999 expón no Salón Blanco do Convento de San Francisco da Habana (Cuba). No ano 2000 expón en Linz (Austria) e Passau (Alemaña). Este mesmo ano abre unha mostra en Milán (Italia). No 2001 inaugurou unha mostra no Instituto Cervantes de Viena. No 2002 foi comisario da mostra "Arquitecturas" onde tamén participa como artista. Participa en mostras como "Arte palabra pola paz" na Sala de exposiciones Fundación Araguane y en Santiago de Compostela. Organiza e participa como artista en "Arte en Pontevedra 2" no Pazo de Cultura de Pontevedra. Dirixe varios Encontros de Arte e Natureza durante os últimos quince anos en Forcarei, en Allariz, en Rianxo, en Faro Lariño (Lira), en Solentiname (Nicaragua), na Illa de Arousa, en Camelle e no Castelo de Soutomaior (Arcade). No ano 2003 organiza e

participa en Arte Galega. Mostra subasta para os voluntarios do Prestige no Pazo da Cultura de Pontevedra e A cor do mar nos Soportais da Praza da Verdura en Pontevedra. Nese verán amosa a súa obra na Capela de Santa Ana en Passau, Alemaña. Recentemente no verán de 2006 expón no Art Center do Consulado da República Bolivariana de Venezuela en Nova York.

Recentemente ten amosado a súa obra no Museo do Mar de Vigo. No Pazo de Cultura de Pontevedra organiza a mostra *Nova York-Milán-Viena-Pontevedra*.



